

Alfonso Prada Allo

Juan María Pazos e os inicios da imprenta contemporánea en Ourense

A produción tipográfica en Galicia repregárase desde mediados do século XVI a Santiago, a carón do Arcebispado e a Universidade. Desde alí atendía a demanda de todo o país, compartindo o mercado con talleres españois e portugueses. Esta situación creou coa incorporación de Galicia ó sistema capitalista que existía outros medios de comunicación, tanto no senso do tráfico de ideas — publicacións periódicas, grandes tiradas editoriais —, como referidos ó desplazamento físico — estradas, ferrocarril. Nas primeiras décadas do século XIX asistimos ó novo artellamento da imprenta galega, que foi prendendo nas principais vilas e cidades.

Neste proceso, o impresor compostelán Juan María de Pazos Morán, que traballara na súa cidade natal desde maio de 1812 en que montou o taller ¹, trasladouse «por agosto de 1819» ² a Ourense, onde xa tiña clientela desde tempo atrás e ningunha competencia. Esta decisión compréndese mellor tendo en conta que Pazos aspirara á praza de impresor municipal compostelán, vacante polo pasamento do derradeiro Aguayo, sen acadala, ó recae-lo nomeamento en Juan Francisco Montero ³. O feito é que, daquela, Pazos vendeu a herdanza da muller, Salvadora Bedoya Carrillo, para se establecer no devandito agosto de 1819 en Ourense.

O data-la implantación da imprenta contemporánea nesta cidade Odriozola ⁴ adiantou nun ano a vella proposta de Soto Freire que consideraba 1821 como o momento do reencontro de Ourense coa imprenta ⁵. Hoxe, co testamento diante, e un folleto saído de súa oficina ourensá, do que se conservan exemplares na Biblioteca Nacional e na Universidade de Santiago, pódese afirmar con certeza que ese momento situáase na segunda metade de 1819.

Este primeiro produto que coñecemos é o *Sermón en las solemnes exequias que en union con la M.N. y L. ciudad de Orense celebró en su Santa Iglesia Catedral en los días 29 y 30 de Marzo de 1819 el Ilmo. Dean y Cabildo de la misma por la señora reyna de las Españas doña María Luisa de Borbon*

madre del rey nuestro señor Fernando VII. Le predico el Dr. D. Juan Manuel Bedoya, Canónigo Cardenal de dicha Santa Iglesia (fig. 1). E un folleto en 4º (20 cm.) de XVIII, [2] p. Faise significativa a presenza de Bedoya no renacemento da imprenta local, á que certamente abasteceu xa como autor, xa preparando a edición de textos clásicos —*Epigramas latino hispanos, 1829*—, das vellas *Constituciones Sinodales del Obispado de Orense* do bispo don Pedro Ruiz de Valdivieso, aínda vixentes na diócese en 1843 desde 1622, ou do *Discurso del P. Sarmiento probando que San Fernando nació en Galicia* —1847—, por citar só obras que deu ó noso tipógrafo.

Ata 1837 Pazos foi aquí o único impresor e acadou unha destacada posición na vida cidadá que o levou en varias ocasións a formar parte da corporación municipal ⁶, ofrecendo a imaxe que refrexa Soto Freire: «en su casa se juntaba la sociedad más escogida, viviendo todavía muchas personas que recuerdan la esplendidez con que obsequiaba a sus amigos» ⁷. Neste período, de 1819 a 1837, contratou traballos particulares e os que máis lle interesarían economicamente: os encargos das administracións civil e eclesiástica, que demandaban de seguido toda clase de impresos. A posibilidades de contrata-la impresión de publicacións periódicas resultaba atraínte para os tipógrafos pola relativa estabilidade que lles ofrecía, anque as perspectivas de vida destas publicacións, fora das oficiais, fosen bastante cortas.

De seguir a Carré Aldao ⁸ e a Barreiro ⁹, Pazos daría ó prelo en 1822 e 1823 un *Boletín Oficial de Ourense*, do que non aparece contrato nin exemplar algún. Pola contra, unha *Circular núm. 9* do Goberno Político da provincia, de 17 de febreiro de 1823 (fig. 2), que se transmitiría conforme ó sistema de «veredas», coincide no tempo coa suposta edición do Boletín fantasma, no que, de existir, tería de se insertar. Pódese considera-la posibilidades de que fose compatibles, pero a máis da coincidencia nas datas, e da ausencia de referencia algunha ó Boletín na Circular, únese o feito de que nesta destácase unha numeración que implica unha serie, en vez de destacar no encabezamento outra información para expresa-la praxencia da súa publicación á marxe do Boletín. De calquera maneira, se existiu sería por iniciativa de Pedro Boado, xefe político da provincia, xa que a normativa que creou os Boletins Oficiais data de 1833 no que unha Real Orde do Ministerio de Fomento de 20 de abril resolve establecer «en cada capital de provincia un *Diario ó Boletín* periódico, en que se inserten todas las órdenes y prevenciones que tengan que hacerse á las justicias y Ayuntamientos de los pueblos por cualquier autoridad». Superábase así o sistema de «veredas», especie de circular despachada a determinado número de lugares para informar dunha disposición da autoridade. O novo sistema, ó tempo, liberaba á provincia da gravosa suscripción obligatoria ó *Boletín Oficial de La Coruña*, «cuyo gravamen [...] ascendía a la suma de 142.712 rs.» en 1834 ¹⁰. O boletín ourensán saíu por primeira vez o 3 de xuño de 1834 impreso na oficina de Pazos, que firmara o contrato co gobernador civil da provincia, José Rodríguez Busto o 21 de maio dese ano ¹¹.

Fora destes traballos de máis peso hai que atender ás follas, recibos, formularios, letras de pago, e demais encargos por parte da administración ou de

particulares, especialmente os notarios, que terían de construír un capítulo ben importante da súa produción.

O perfil deste período de Pazos —desde a súa chegada a Ourense ata 1837— é sinónimo de prosperidade profesional e social, mais cando fala no testamento do «estado de pobreza en que me hallo» e da «negra ingratitud, que es la que me puso en el estado en que me veo», hai que volver a 1837, anque el non no-lo indique, para comprende-la súa caída. Pazos fora o impresor do *Boletín Oficial* da provincia desde a súa creación, pero en 1837 acadou o contrato unha nova imprenta, a Imprenta do Boletín ¹². A cuestión non se limitaba a un problema de competencia entre tipógrafos, senón da acción máis que irregular de tres funcionarios públicos: don Joaquín Bernárdez, secretario do Goberno Político e nesas intres xefe político interino; don José de la Fuente, secretario da Xunta especial da carretera de Vigo a Castela, e don Antonio Magín Plá, comisionado subalerno de Amortización na delegación de Facenda. Estes novos empresarios trouxeron de Santiago, con licencia do Cabildo, do que dependía, ó impresor Moldes, que Soto Freire considera descendente de Juan Bautista, se ben puidera se tratar do mesmo. Con el viña o seu fillo, que habería de monta-lo seu propio taller case vinte anos despois.

Bernárdez, como xefe político interino concedeu o contrato á proposta do seu socio José de la Fuente, valéndose de recursos que Pazos denunciou no folleto *La verdad en su lugar* ¹³.

Esta obríña achegáanos ós detalles da operación, e ofrece información de interés para a historia da tipografía local, cando se refire ó equipo que mercara a nova empresa, a Imprenta del Boletín, e á súa instalaxe:

«A este mismo tiempo estaban agenciando los coligados comprar una imprenta en Santiago, cuya operación tenían bastante adelantada porque la suerte les deparó una, que habiéndola heredado de su padre un cierto perdulario se la vendió al desbarato, aunque ya sólo estaba en deshecho porque había vendido lo mejor» [p. 5].

«Vino la imprenta de Santiago á fines del mes de Enero [de 1837]» [p. 6].

«Inmediatamente tratan de desembalar el vejestorio tren tipográfico, y de cuajo lo zapatean nada menos que en el local del ex-convento de santo Domingo que estaba destinado para cuartel y retenes del cuerpo de Nacionales. Pues como? ¿Qué autorización obtuvieron para intrusarse así de la posesión en que estaba el Batallón de dicha Milicia? La del Comisionado subalerno de Amortización D. Antonio Magín Pla, tercer Empresario, que sin más anuencia que la de su voluntad, por sí y ante sí pasó a disponer de ello, tirar tabiques, abrir y rasgar ventanas, blanquear y pintar al temple y al olio [sic] &c. &c. &c., y armar la máquina para sus artefactos» [p. 10].

Co cambio de impresor, o boletín mudou outros aspectos de máis importancia: a tirada baixou dos máis de mil exemplares que imprimía Pazos a 200, co pretexto de rebaixa-lo prezo do custo de 40 a 30 réas. Os inconvintes do novo sistema descríbese Pazos nas páxinas 11 e 12 do citado folleto «*La verdad en su lugar*»:

«Acostumbrados á que se les leyese los días festivos en el atrio al salir de la Misa

parroquial, en lo que tenían formado un hábito agradable, que al paso que les instruíá suministraba materiales para sus comentarios y conversaciones, se hallaron de repente sin este auxilio, reducidos al oscurantismo. Un egemplar [*sic*] que se les manda de cada número de la circulación, en el Ayuntamiento donde hay ocho parroquias, si se ha de leer el día festivo en cada una, medio mas á propósito para que no pierdan sus labores, tarda otras tantas semanas en llegar á la última, y son perdidos igual número de jornales en llevarle de unas á otras. Cuando por su naturaleza se debe dar á saber á todos una orden con rapidéz, si se han de sacar copias hay que pagar á quien lo haga: si se convoca á todos, se arrancan una multitud de brazos de sus labores, habiendo en muchas partes la distancia de una legua, que tienen que andar el que lleve los avisos y los domiciliarios de aquel punto. Otras mil dificultades se ofrecerán á cada paso y obstáculos al servicio Nacional, y muchísimos mientras se administren los ramos de Rentas y Bagages por las antiguas Jurisdicciones y Cotos. Es decir que los 10 reales que ahorran los pueblos porque se rebajaron en la contrata del Boletín, les da la pérdida de mas de 70 en el año, y quedan sumidos en la ignorancia».

Estas eran contas de Pazos, quen volvería contrata-lo Boletín en escritura feita o 13 de novembro do mesmo 1837 ante o escribano Antonio Manuel Valencia ¹⁴. Pazos tirara o Boletín desde o número 1, o 3 de xuño de 1834 ata o 28 de febreiro de 1837. Polo último contrato que se cita imprimi uno desde o 1 de setembro de 1837 ¹⁵ ata o número correspondente ó 30 de novembro de 1838. Pasou logo o contrato ó taller de Cesáreo Paz e irmán, antes de volverse imprimir, por terceira vez, no prelo de Pazos entre o 3 de xaneiro de 1840 e o 29 de decembro do mesmo ano.

O episodio de 1837 tivo de ser ben complexo para deixar a Pazos nunha situación impensable pouco antes. Co impresor vivía un sobriño, Ramón Gómez Bedoya, un mozo que tiña de caixista no taller ata que demostrou a súa independencia e enfrentamento có tío ó dar ó prelo — con seu nome como impresor, e posiblemente coas vellas máquinas instaladas no exconvento de Santo Domingo— un folleto de José de la Fuente, rival de Pazos na subasta do Boletín, no que responde ó noso tipógrafo baixo o título «*La verdad puesta en su lugar, o sea refutación al folleto intitulado La verdad en su lugar*» ¹⁶.

Desde esas datas Pazos non só viviu máis soio, senon máis alonxado da brillante imaxe que nos ofrecía Soto Freire, aunque moitos dos seus mellores traballos pertencen a esta derradeira etapa. Lembremos, como exemplo a edición das Constitucións sinodais da diócese, ou, por seguir con Bedoya, das *Memorias históricas de Berlanga*, que deu ó prelo en dúas ocasións.

Pazos morreu o 13 de xuño de 1854 ás tres menos cuarto da tarde na súa casa da rúa da Cárcel, número 17 — antes vivira no número 13 da mesma rúa. O seu pasamento debeuse a «consunción, cursos e hidropesía» conforme se recolle no Libro de Difuntos correspondente ¹⁷. No asento o párroco fixo constar que no funeral, aunque se encargaran «ocho de sobrepelliz, se le tubo [*sic*] dicho Entierro con la asistencia de los dichos y ocho mas, por respecto

[*síc*] a el, y a su señora». No mesmo documento anótase que soaron campás maiores cando o funeral.

A súa viúva vendeu a imprenta a Cedáreo Paz e irmán, pero non na data que da Soto Freire, senón despois da morte de Pazos.

NOTAS:

1. Testamento de Pazos ante Pedro Vázquez de Nóvoa, escribano de S. Estebo de Ribas do Sil, 28 de outubro de 1851. *Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Protocolos. Caixa 3868*. Soto Freire en *La imprenta en Galicia* — Lugo: Círculo de las Artes, 1982—, p. 90 cita dúas obras impresas por Pazos en Santiago nese primeiro ano da súa industria.
2. Testamento citado.
3. O terceiro aspirante á praza fora Manuel Antonio Rey. Ver *La imprenta en Galicia* do P. Atanasio López. — Madrid: Patronato da Biblioteca Nacional, 1953—, p. 150.
4. Artículo *Imprenta*, en «La Gran Enciclopedia Gallega», t. 17. Santiago: Silverio Cañada, 1974.
5. Soto Freire, *op. cit.*, p. 137.
6. Débolle a noticia do Pazos concellal a Elisa Fernández, secretaria do A.H.P.O. que a garda ben gardada nos libros de actas do concello de Ourense.
7. *Op. cit.*, p. 137. Lembrar que o tempo presente no que fala Soto Freire é por 1868, ano en que presentou a obra ó premio convocado pola Biblioteca Nacional que, como se sabe, acadou.
8. *Memoria acerca de la imprenta y el periodismo en la provincia de Orense*, en «Boletín de la Real Academia Gallega», t. XVII e XVIII.
9. Nota 29 á obra citada de Soto Freire, da que Barreiro preparou a edición.
10. *Boletín Oficial de la Provincia de Orense*, n.º 1, 3 de xuño de 1834, p. 1.
11. Ante o escribano Antonio Manuel Valencia. *A.H.P.O. Protocolos. Caixa 3868*.
12. Contrato feito ante o escribano Antonio Manuel Valencia o 21 de febreiro de 1837. *A.H.P.O. Protocolos. Caixa 3822*.
13. Orense: Pazos, 1837. Exemplar na *Biblioteca do A.H.P.O.*
14. *A.H.P.O. Protocolos. Caixa 3822*.
15. Notar que a data da escritura notarial é posterior en dous meses e medio á primeira entrega polo impresor do seu produto.
16. *Biblioteca da Fundación Penzol*.
17. *Parroquia da Trinidad. Libro de Difuntos 1852-1865. ff. 48v-49v*.

GÓBIERNO POLÍTICO DE LA
PROVINCIA DE ORENSE.

Circular núm. 9.

S E R M O N

EN LAS SOLEMNES EXEQUIAS

Que en unión con la M. N. y L. Ciudad de Orense celebró en su Santa Iglesia Catedral en los días 29 y 30 de Marzo de 1819 el Ilmo. Dean y Cabildo de la misma

POR LA SEÑORA REYNA DE LAS ESPAÑAS
DOÑA MARÍA LUISA DE BORBON
MADRE DEL REY NUESTRO SEÑOR FERNANDO VII

LE PREDICÓ

EL DR. D. JUAN MANUEL BEDOYA,
Canónigo Cardenal de dicha Santa Iglesia.

CON LICENCIA:

En Orense en la Imprenta de D. Juan María de Pazos.
Año de 1819.

Se hallará en Orense en la portería del Seminario, y en Madrid en la Librería de Villared.

D. Pedro Bando Sanchez, Jefe político de esta provincia, hago saber que por el Excmo. Sr. Secretario de Estado y del Despacho de la Gobernación de la Península se me comunicó en Real orden de 9 del presente mes de Febrero el decreto de S. M. de la misma fecha, que con el de las Cortes en él inserto dicen así:

"DON FERNANDO VII por la gracia de Dios y por la Constitución de la Monarquía Española, Rey de las Españas, á todos los que las presentes vieren y entendieren, sabe: Que las Cortes, usando de la facultad que se les concede por la Constitución, han decretado lo siguiente: Art. 1.º Se pondrá el Ejército al pie de guerra, reemplazándole con veinte y nueve mil novecientos setenta y tres hombres.

Art. 2.º Cada provincia contribuirá á este reemplazo con el número de hombres que le corresponda por su población, segun la division interina del territorio español de veinte y siete de Enero del año próximo pasado, rebajando cuatro almas por cada inscrito en la lista de hombres de mar que tienen las provincias marítimas, en la forma siguiente:

En el reparto que se contiene en este artículo, de los veinte y nueve mil novecientos setenta y tres hombres, correspondieron á esta provincia de Orense ochocientos y dos, por sus trescientas mil ochocientas setenta almas de población.

Art. 3.º Las Diputaciones provinciales harán que se realice este reemplazo, bien por quinta ó sustitución, según mejor les convenga; en el concepto de que el sorteo se ha de verificar en los mismos términos y bajo las mismas reglas que en el extraordinario anterior, con las modificaciones que se expresan en los siguientes artículos, en-

**LA VERDAD
EN SU LUGAR.**



ORENSE.

POR DON JUAN MARÍA DE PASOS.

Julio de 1857.

**CONSTITUCIONES SINODALES
DEL OBISPADO DE ORENSE,
COMPILADAS HECHAS Y PUBLICADAS POR SU SEÑORÍA IL.^{ma}
Don D. Juan de Galdames,
ARZOBISPO-OBISPO DE ORENSE, DEL CONSEJO DE SU MAGESTAD,
EN EL PRIMERO SÍNODO QUE CELEBRÓ EN ESTA CATEDRAL.**

Con licencia del Consejo. = En Madrid. Por la Viuda de Andrés
Aguiar Bilbao. = Año de 1632.

REIMPRESAS

POR DISPOSICION DEL SEÑOR DOCTOR

Don D. Juan Galdames,

DEAN DE LA SANTA IGLESIA GOBERNADOR VICARIO GENERAL
CAPITULAR SEDE VACANTE DEL OBISPADO DE ORENSE.

*Ut Sol refulset qui prius erat in nubilo,
accensus est ignis magnus.*

Lib. B. Mech. 1852.



ORENSE: Imprenta de D. Juan María de Pasos.
Año de 1852.